MODELO DE INCLUSIÓN E PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL

O modelo inspírase en 3 piares que guían o labor da Federación e as súas entidades:

1 A Convención como base da inclusión

A Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade da ONU, aprobada en 2006 e ratificada en España en 2008, define a discapacidade como o resultado da interacción entre esta e as barreiras sociais que dificultan a participación plena. Reafirma que todas as persoas deben poder gozar de todos os Dereitos Humanos e liberdades fundamentais.

2 O modelo social da discapacidade

Down Galicia promove un cambio de paradigma cara ao modelo social. Fronte ao modelo clínico, que centra a discapacidade nas limitacións individuais, o modelo social destaca a interacción entre a persoa e o seu ambiente, considerando capacidades e fortalezas, introducindo a idea de apoio para superar ou eliminar as posibles dificultades.



3 O modelo de calidade de vida

Segundo Schalock e Verdugo (2002), a calidade de vida baséase en 8 áreas fundamentais:

- **Benestar físico**
- **Benestar emocional**
- **Relacións interpersoais**
- **Inclusión social**
- **Desenvolvemento persoal**
- **Benestar material**
- **Autodeterminación**
- **Dereitos**

Acadar calidade de vida require:

- **Participación comunitaria**
- **Sentido de pertenza**
- **Potenciación de capacidades**
- **Participación nas actividades diarias**
- **Compromiso coas metas persoais**